

# CURSO INTERVENCION SOCIAL CON PERSOAS CON DISCAPACIDADE.

Novo sistema de apoios

DOSSIER INFORMATIVO



# INDICE

1) Resumo do curso.....	2
2) Fundamentación.....	2
3) Obxectivos.....	3
4) Contidos formativos.....	3
5) Persoas destinatarias.....	4
6) Calendario .....	4
7) Metodoloxía.....	4
8) Avaliación .....	5
9) Docencia .....	5

NOTA: A renuncia ás prazas adxudicadas dará dereito á devolución da matrícula abonada, sempre que a comunicación se produza antes da finalización do prazo de inscrición do curso que se trata (en termos xerais antes dos cinco días naturais anteriores ao comezo da acción formativa), ou por causa de forza maior xustificada documentalmente.

## 1. RESUMO DO CURSO



100 horas



Online



Del 2 de abril ao 30 de xuño de 2024



**Personas Colegiadas:** 67€\*  
**Personas no coleg.:** 134 €

\*O COTSG financia o 50% do custe da formación para as persoas colexiadas que se inscriban

## 2. FUNDAMENTACIÓN

Dende hai varias décadas xurdiu unha nova forma de pensar sobre a discapacidade; esta inclúe unha nova concepción na que a discapacidade dunha persoa resulta da interacción da persoa co ambiente no que vive. Esta visión supón **enfaticar na autonomía, na integración, na igualdade e nas capacidades.**

Nesta proposta formativa descríbese unha metodoloxía de intervención que ten como finalidade mellorar a calidade de vida da persoa con discapacidade traballando desde e coa contorna da que forman parte. A intervención individual e a intervención comunitaria non poden levarse a cabo de xeito illado.

A **nova reforma** chega para substituír os tradicionais procesos de modificación de capacidade polos dirixidos a **promover apoios** ás persoas con discapacidade no exercicio da capacidade xurídica. Ten como propósito promover, protexer e asegurar o goce pleno e en condicións de igualdade todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais por todas as persoas con discapacidade, así como promover o respecto a súa dignidade.

### 3. OBXECTIVOS

- ♦ Proporcionar unha aprendizaxe teórico-práctica nos contidos principais no eido da discapacidade.
- ♦ Capacitar aos/ás alumnos/as para orientar, asesorar e tramitar recursos sociais dirixidos a persoas con discapacidade.
- ♦ Coñecer diferentes perspectivas e enfoques acerca da intervención social no ámbito da discapacidade.
- ♦ Dar a coñecer aos profesionais unha metodoloxía de intervención con persoas con discapacidade dende unha perspectiva comunitaria.
- ♦ Coñecer e analizar o impacto da nova reforma nos e nas profesionais do traballo social, persoas con discapacidade e familias.
- ♦ Promover a análise crítica das realidades das persoas con discapacidade e das políticas sobre discapacidade e das respostas da sociedade ante estas cuestións.

### 4. CONTIDOS FORMATIVOS

#### **Módulo 1. Contextualización e introdución**

- ♦ Evolución histórica do concepto de discapacidade.
- ♦ Tipos de discapacidade.
- ♦ Cara unha nova concepción da discapacidade.
- ♦ Calidade de vida e discapacidade.
- ♦ Mitos sobre a discapacidade.

#### **Módulo 2. Marco lexislativo**

- ♦ Normativa Estatal.
- ♦ Normativa Autonómica.
- ♦ Movemento asociativo.

#### **Módulo 3. Metodoloxía de intervención dende unha perspectiva comunitaria**

- ♦ Equipos interdisciplinares.
- ♦ Obxectivo: Integrar-normalizar.
- ♦ Coñecemento do entorno e a rede social.
- ♦ Traballo na comunidade.

#### Módulo 4. Prestacións e recursos

- ♦ Certificado de discapacidade.
- ♦ Prestacións económicas.
- ♦ Lei de promoción da autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia.
- ♦ Centros de atención a persoas con discapacidade.
- ♦ Asociacionismo.

#### Módulo 5. Principais novidades e impacto da Lei 8/2001,

- ♦ Principais novidades da lei.
- ♦ Procedemento de provisión de medidas de apoios
- ♦ Impacto nos profesionais do traballo social, nas persoas con discapacidade e nas familias.

## 5. PERSOAS DESTINATARIAS

Persoas diplomadas e/ou graduadas en Traballo Social así como outros/as profesionais do eido social que desexen ampliar os seus coñecementos en intervención especializada con persoas con discapacidade.

## 6. CALENDARIO

O curso consta de 100 horas impartirase desde o 2 de abril ao 30 de xuño de 2024 a través de Moodle.

## 7. METODOLOXÍA

Proponse unha metodoloxía activa, participativa, na que resulte esencial tanto a implicación e o traballo propio por parte de cada alumno/a como a construción colectiva de coñecemento a través da interacción e do diálogo.

Os contidos do curso están divididos en módulos nos que o/a alumno/a disporá dun documento resumo en formato PDF. Do mesmo xeito, facilitaranse segundo o módulo, recursos adicionais (vídeos, preguntas para a reflexión e o debate, glosario de termos sobre discapacidade, etc)

## 8. AVALIACIÓN

Durante o curso realizarase unha avaliación continua, cun **questionario de autoavaliación** ao remate de cada módulo, que permitirá ao alumno/a ir asimilando os contidos paulatinamente. Ao finalizar o curso haberá un **questionario final** de todos os contidos impartidos. A proba entenderase superada cando o alumno obteña unha cualificación superior ao 70%.

O alumnado deberá realizar un **caso práctico** tendo en conta os contidos impartidos durante o curso, no que será preciso acadar unha cualificación superior ao 50%.

## 9. DOCENCIA

### **M<sup>a</sup> Eugenia Veloso Osuna**

Traballadora Social na Asociación de Dano Cerebral Adquirido Sarela dende o ano 2005 ata a actualidade.

Conta con formación específica na materia: A familia no novo réxime de discapacidade, Intervención Psicoterapéutica en familias con enfermos crónicos, Terapia Familiar breve: Como se fai, Introducción a planificación centrada na persoa,...

Experiencia docente impartindo os seguintes cursos:

- ♦ O traballador social como responsable de voluntariado
- ♦ O Traballo social no dano cerebral adquirido;
- ♦ Intervención sociocomunitaria con persoas con discapacidade.
- ♦ Obradoiro de recursos para persoas con dano cerebral. Recursos socio-sanitarios no sistema público e privado.
- ♦ Obradoiro de Sensibilización e Prevención do Dano Cerebral Adquirido.
- ♦ Obradoiro de Dano Cerebral Adquirido: Rehabilitación e Recursos: Recursos sociosanitarios públicos e privados en Galicia. A lei de dependencia e o dano cerebral. A tutela de persoas.

# COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

Rúa Dublín, 6, baixo. 15707 Santiago de Compostela (A Coruña)



981 568 100



[info@traballosocial.gal](mailto:info@traballosocial.gal)



[facebook.com/COTSdeGalicia](https://facebook.com/COTSdeGalicia)



[cotsgalicia](https://instagram.com/cotsgalicia)